



TEATRO

Arredor da raclette

[Inma López Silva]


Remiado co Álvaro Cunqueiro en 2014, *Raclette* é un texto dramaturxicamente ambicioso que o autor, Santiago Cortegoso, leva ás táboas da man da súa compañía, Ibuprofeno Teatro. Dela gustáranos especialmente *Pequenos actos pseudorevolucionarios*, unha peza que dá unha volta de rosca a un concepto de "teatro comprometido" que, sen fuxir do político, obriga ao espectador a tomar posición diante das contradicións ideolóxicas da nosa sociedade. Moito disto hai en *Raclette*, onde o argumento se constrúe desde os presupostos fundamentais da alta comedia realista para introducir a crueza dos dramas actuais, non exentos da crítica política que sela a poética da compañía.

Raclette é unha obra complexa na súa organización dramaturxica que xoga aos paralelismos e a unha idea circular no argumento que se traslada á disposición escénica. Ben medido e estruturado, ese círculo xera co espectador un pacto no que o adianto dos acontecementos serve para xerar a empatía cos personaxes propia do drama e para establecer unha serie de motivos recorrentes que, se no primeiro momento aparentan simples escu-

sas para orientar a peza á linguaxe da comedia, serven finalmente para proporcionar ao argumento un auténtico xiro aristotélico, baseado na clásica hamartía, mais cunha lectura certamente contemporánea que non desvelaremos. A obra tamén é, por isto, unha peza de personaxes nunha selección de actores e actrices nas que o principal reto da dirección (non sempre acadado pero si evidente nas pautas interpretativas) sería unificar estilos e lograr desvencellar a cada intérprete da súa liña de actuación preferente.

O máis interesante da obra é como Cortegoso, combinando esa oscilación comedia-drama, é capaz de apreixar o espectador e ilo levando, manipulán-

do en realidade, cara á toma de posición nun tema concreto: a obsesión contemporánea con determinados modos de alimentación e como estes xeran un concepto de clase que dá un xiro non necesariamente económico á tradicional clase marxista. Este xogo co espectador salientase escenicamente a través da súa proximidade física, obrigándoo a observar a acción desde a súa inmersión na propia escena, a modo de *voyeur* que, finalmente, observaría a súa propia condición social e vital. Por isto, hai un sentido na fuxida da frontalidade que propón *Raclette*, unha fuxida que se canaliza a través do propio espazo escénico e da circularidade que organiza a mesa á



Raclette

Autor e director: Santiago Cortegoso · **Compañía:** Ibuprofeno Teatro · **Elenco:** Toni Salgado, Deborah Vukusic, Marián Bañobre, Iria Sobrado, Salvador del Río · **Espazo escénico:** Diego Seixo · **Vestuario:** Marián Bañobre · **Iluminación:** Salvador del Río · **Maquillaxe e vestuario:** Trini F. Silva

T
crítica

89
3
aniversario

ita



que sentan e constitúe o punto de partida da acción, así como as propias relacións entre os personaxes co motivo principal da intriga.

Raclette, de Ibuprofeno, é desas obras que reivindica o sentido crítico tradicional do teatro e demostra que se pode optar pola aproximación aos espectadores sen necesariamente perder a ambición reflexiva propia dos discursos intelectuais. E iso non é pouco.

ARTE

Conmemoración do proceso

[Chus Martínez Domínguez]

Coa súa recente antoloxía do MNCARS na memoria, o presente desta exposición, comisariada por Antón Castro, vén ampliar o número de pezas que se exhibiron hai uns meses na mostra homónima que tivo lugar na galería Espacio Mínimo, para achegarnos á

investigación reflexiva de Juan Luis Moraza (Vitoria, 1960) ao redor da idea do "Traballo Absoluto". A intención: pensar social e politicamente o concepto de produtividade, analizar as súas dinámicas e, sobre todo, os seus posibles modos de relato e representación. Mensaxes, críticas e imaxes que o artista vai revelando en esculturas e instalacións, en obxectos deslocalizados, outros manipulados, de escala esaxerada e mecánica disfuncional.

A exposición presenta unha organización sistematizada; unha planta dedicada a producir reflexións e sensacións que se van despregando durante sete capítulos, nunha sorte de xustaposición horizontal de elementos e imaxes na procura, quizais, dunha imaxe completa. A instalación "Tug of work" inicia o camiño no vestibulo, mentres rodeamos a corda desfeita que outrora foi trezada para o xogo de forza do "tira e afrouxa" *sokatira*. As pezas que continúan teñen moito de batalla, de resistencia, algunhas en confrontación poética, como os troncos de bidueiro queimados ao carón do grupo de xices brancas relatada en "Erosis (oficios do goce)". Séguenlle os 365 aforismos das follas do 1 de maio extraído dun anuario que conforman o "Calendario de festas laborales". Unha

TRABALLO ABSOLUTO

Juan Luis Moraza

Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (MAC), A Coruña
Até o 3 de marzo.

cartografía asfixiante na súa propia monotónia que anticipa a capacidade de observarnos e transformarnos desde a identificación dun sistema regulado. A mesma sensación de recoñecerse nos diferentes símbolos do público que presenta en "República" ou no conxunto de regras torsionadas sobre espellos do apartado "Anormalidad". A vinculación entre o corpo e o traballo leva a obras de membros protésicos, a mangos de ferramentas con orellas, ollos, dedas ou pulmóns en "Software" para rematar na instalación "La fiesta como oficio", un espazo de celebración onde identificar emblemas e manifestos como "Workis(all)over! (for your comfort)" e "La libertad os hará trabajar".

O que inicialmente parecía ser unha conmemoración, de súpeto é outra cousa. É interesante pensar na relación de posibilidades infinitas que se establece no percorrido. A agudeza nos xiros, nos detalles, leva a ofrecer sempre algo diferente.